
Cordis conectado a TEN-155

- Actualizado (12.09.2005)

O servizo de información da Comisión Europea para Investigación e Desenvolvemento quedou conectado á rede de investigación europea TEN-155 á que os investigadores galegos acceden a través de RECETGA e RedIRIS.

Con esta conexión directa á rede de investigación, os usuarios experimentarán significativas melloras na velocidade das descargas de información e formularios, das consultas as bases dos programas de investigación, as buscas de socios para proxectos e de tantas outras actividades posibles a través deste sitio web de referencia para tódolos investigadores europeos.

Visite xa o sitio CORDIS <http://www.cordis.lu>